

A Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presenta a Guía “Axúdalle fronte ao acoso escolar”

www.21noticias.com/2017/06/a-seccion-de-psicologia-educativa-do-colexio-oficial-de-psicologia-de-galicia-presenta-a-guia-axudalle-fronte-ao-acoso-escolar/

06/06/2017

21 Noticias



Este xoves 8 de xuño presentarase na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) en Santiago de Compostela a Guía

“Axúdalle fronte ao acoso escolar”.


Trátase dunha guía elaborada polos membros da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG desde a práctica diaria, ante a necesidade de asesorar ás familias fronte ao acoso escolar que sofren moitos nenos e nenas e adolescentes no ámbito educativo. Nestes momentos o acoso escolar é unha problemática social que en Galicia xa supón un 10% dos casos rexistrados.


Desde a habilitación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do teléfono contra o acoso escolar o pasado 1 de novembro, o 900 018 018, xa foron atendidas máis de 15.000 chamadas, das cales ao redor de 6.000 foron consideradas como posibles casos de acoso. O perfil medio de menor acosado descendeu en idade, e xa figura por debaixo dos 11 anos.

Con esta guía preténdese indicar unhas pautas a seguir polas familias para a detección do acoso escolar e proporcionar unha serie orientacións á seguir para facer fronte ao mesmo. Considérase unha obriga da sociedade prestar a axuda necesaria a todo o alumnado que se atopa nesta situación e así poder erradicar o acoso escolar, o cal atópase en proceso de crecemento tamén a través das novas tecnoloxías como as redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea, etc... chegando a ser un de cada catro casos rexistrados na actualidade.

También te puede interesar...

- [30/05/2017 EU esixe a recuperación do 112 como servizo público e reitera o seu apoio á folga indefinida do persoal](#)
- [30/05/2017 Xulio Ferreiro presenta ás praceiras as liñas xerais do Plan de Dinamización dos Mercados Municipais](#)

 [EU esixe a recuperación do 112 como servizo público e reitera o seu apoio á folga indefinida do persoal](#)

 [Xulio Ferreiro presenta ás praceiras as liñas xerais do Plan de Dinamización dos Mercados Municipais](#)